

Debate sobre literatura nas dúas bandas do Miño

Unha mesa redonda con José Viale Moutinho, Francisco Salinas Portugal e Carlos Quiroga sobre as relacións entre as literaturas galega e portuguesa abrirá este venres o I Simposio Internacional "Letras na Raia", organizado pola [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#). O obxectivo da AGE é consolidar un foro que "axude a aprofundar nos vínculos lingüísticos, culturais e literarios que compartimos, contrastando ambas as dúas realidades, as súas similitudes e diferenzas, e reforzando os lazos de convivencia". As mesas redondas e actuacións musicais terán lugar no Auditorio de Vila Nova de Cerveira e no Centro Goianés, de Tomiño.

- 08:37 13/10/2005

Temas como o mutuo grao de coñecemento dos respectivos sistemas literarios, a súa recepción, as estratexias para o contacto cultural, as zonas fronterizas entre Galiza e Portugal como motivos literarios dos escritores galegos e portugueses, ou o poder da palabra máis alá das fronteiras xeográficas (motivo que titula esta I Edición), serán obxecto das diversas mesas redondas que se sucederán para favorecer o intercambio de opinións, perspectivas e ideas. Ademais, completarase o programa de actos con visitas ao Convento de S. Paio (Vila Nova de Cerveira) e ao Castelo de San Lourenzo (Goián-Tomiño) e cun pequeno concerto de voz e guitarra, preparado especialmente para a ocasión por Uxía Senlle e João Afonso.

A inauguración deste I Simposio terá lugar o venres 14, ás 15:00 hs., no Auditorio da Biblioteca Municipal de Vila Nova de Cerveira, e no acto de apertura intervirán a Delegada da Consellería de Cultura e Deporte en Pontevedra, Marta Patricia Souto González, o Presidente da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira e o Presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias.